



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Terapéutica Farmacolóxica	Código	750G02122	
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Núñez Fernández, Lucia	Correo electrónico	lucia.nunez@udc.es	
Profesorado	Alonso Tajés, Francisco Núñez Fernández, Lucia	Correo electrónico	francisco.alonso.tajes@udc.es lucia.nunez@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/my/			
Descrición xeral	<p>A terapia farmacolóxica é o coidado clínico relacionado co uso de medicamentos, sós ou en combinación con outros tipos de terapia. Nesta materia centrarémonos no uso de fármacos no campo da podoloxía.</p> <p>A Terapia Farmacolóxica é unha materia que se imparte no segundo cuatrimestre do terceiro curso do Grao de Podoloxía e os principais contidos son:</p> <p>Farmacoloxía específica de uso podolóxico: indicacións, contraindicacións, efectos indeseados, interaccións, precaucións, principios activos e especialidades de: Fármacos anti-infecciosos: antibióticos, antiviricos, antifúngicos e antiprotazoarios; Opiáceos; Analxésicos e antiinflamatorios; Anestésicos locais; Corticoides; Antidiabéticos; Anticoagulantes e antiagregantes plaquetarios. Tratamentos tópicos.</p>			
Plan de continxencia	No caso de confinamento, o alumno seguirá as clases por teams e realizará os seminarios a través do campus virtual. No caso de pcr positivo ou confinamento o día do exame seguiranse os protocolos da UDC.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A102	CE38 - Coñecer e aplicar a Farmacoloxía específica de uso podolóxico
B24	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B25	CB3 -- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B28	CG01 - Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos e metodolóxicos da Podoloxía e Podiatría
B30	CG03 - Obter a capacidade, habilidade e destreza necesarias para diagnosticar, prescribir, indicar, realizar e/ou elaborar e avaliar calquera tipo de tratamento podolóxico, ortopodolóxico, quiropodolóxico, cirurxía podolóxica, físico, farmacolóxico, preventivo e/ ou educativo, baseado na Historia clínica
B36	CG09 - Valorar de forma crítica a terminoloxía, ensaios clínicos e metodoloxía utilizados na investigación relacionada coa podoloxía
C9	CT01 - - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C16	CT08 - V- Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Coñecer e aplicar a Farmacoloxía específica de uso podolóxico.	A102	B24 B25 B28 B30 B36	C9 C16
--	------	---------------------------------	-----------

Contidos	
Temas	Subtemas
FARMACOLOXÍA ESPECÍFICA DE USO PODOLÓGICO: INDICACIÓNS, CONTRAINDICACIONES, EFECTOS INDESEADOS, INTERACCIÓNS, PRECAUCIÓNS, PRINCIPIOS ACTIVOS E ESPECIALIDADES DE FÁRMACOS QUE ACTÚAN SOBRE O SISTEMA NERVIOSO CENTRAL E PERIFÉRICO: ANALXÉSICOS (OPIACEOS E AINEs), ANTIINFLAMATORIOS (CORTICOIDES E AINEs) E ANESTÉSICOS LOCAIS.	1. Introducción á farmacoloxía do sistema nervioso central e periférico. 2. Anestésicos locais. 3. Analxésicos opioides. 4. Mediadores celulares implicados na dor e a inflamación: Histamina (antihistamínicos) e eicosanoides. 5. Fármacos analxésicos e antiinflamatorios non esteroideos (AINEs). 6. Antirreumáticos. 7. Corticoides e antiinflamatorios esteroideos.
FARMACOLOXÍA ESPECÍFICA DE USO PODOLÓGICO: INDICACIÓNS, CONTRAINDICACIONES, EFECTOS INDESEADOS, INTERACCIÓNS, PRECAUCIÓNS, PRINCIPIOS ACTIVOS E ESPECIALIDADES DE FÁRMACOS ANTIINFECCIOSOS: ANTIBIÓTICOS, ANTIVÍRICOS, ANTIFÚNGICOS E ANTIPROTOZOARIOS.	8. Antibióticos de uso tópico. 9. Antifúngicos de uso tópico. 10. Antivíricos de uso tópico.
FARMACOLOXÍA ESPECÍFICA DE USO PODOLÓGICO: INDICACIÓNS, CONTRAINDICACIONES, EFECTOS INDESEADOS, INTERACCIÓNS, PRECAUCIÓNS, PRINCIPIOS ACTIVOS E ESPECIALIDADES DE FÁRMACOS QUE ACTÚAN SOBRE O METABOLISMO (ESPECIAL ATENCIÓN AOS ANTIDIABÉTICOS).	11. Fármacos hipouricemiantes y antigotosos. 12. Tratamiento da diabetes: insulinas. 13. Tratamiento da diabetes: hipoglucemiantes orales.
FARMACOLOXÍA ESPECÍFICA DE USO PODOLÓGICO: INDICACIÓNS, CONTRAINDICACIONES, EFECTOS INDESEADOS, INTERACCIÓNS, PRECAUCIÓNS, PRINCIPIOS ACTIVOS E ESPECIALIDADES DA FARMACOLOXÍA SANGUÍNEA (ANTICOAGULANTES E ANTIAGREGANTES PLAQUETARIOS).	14. Farmacoloxía da coagulación e a hemostasia. 15. Fármacos antiagregantes plaquetarios.
FARMACOLOXÍA ESPECÍFICA DE USO PODOLÓGICO: INDICACIÓNS, CONTRAINDICACIONES, EFECTOS INDESEADOS, INTERACCIÓNS, PRECAUCIÓNS, PRINCIPIOS ACTIVOS E ESPECIALIDADES DA FARMACOLOXÍA TÓPICA.	16. Farmacoloxía dermatolóxica.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A102 B24 B25 B28 B30	20	50	70
Obradoiro	A102 B24 B25 B28 B30 B36 C9 C16	15	28	43
Traballos tutelados	A102 B24 B25 B28 B30 B36 C9 C16	4	15	19



Presentación oral	A102 B24 B25 B28 B30 B36 C9 C16	1	5	6
Proba de resposta múltiple	A102 B24 B28	2	8	10
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral e con medios audiovisuais dos temas que compoñen o programa da materia.
Obradoiro	Sesións sobre os temas expostos na sesión maxistral co fin de aclarar puntos craves e/ou dúbidas dos alumnos. Combinaranse diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, casos clínicos, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Realizarase un traballo individual sobre dous casos clínicos no que o paciente teña prescrito polo menos dous fármacos e pola súa patoloxía podolóxica prescribaselle polo menos un fármaco.
Presentación oral	Exposición oral un dos dous casos clínicos expostos no traballo tutelado. O profesor decidirá cal dos dous casos debe presentar o alumno.
Proba de resposta múltiple	50 preguntas con 5 respostas das cales só unha é correcta. Non se aplica factor de corrección polas respostas non acertadas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Durante as sesións maxistras poderase expor as dúbidas que xurdan. Posteriormente e vía correo electrónico tamén se poden expor dúbidas sobre os temas expostos en clase. En cada tema haberá un foro/chat no campus virtual para as dúbidas que poidan xurdir.</p> <p>Durante os talleres realizarase atención personalizada para resolver as dúbidas e problemas que lle xurdan ao alumno. O alumno conta co apoio do profesor para a elección do tema do traballo tutelado. Ademais o profesor axudará o alumno nas dúbidas que lle vaian xurdindo durante a realización do traballo tutelado e a preparación da presentación oral. O profesor colaborará co alumno na realización da presentación oral do traballo tutelado realizado.</p> <p>A atención personalizada en forma de titorías desenvolverase mediante concertación de cita previa co alumnado, quedando esta supeditada á dispoñibilidade dos horarios tanto do alumnado (aspecto este prioritario) como do profesor/a. Por tanto, de forma programada, a atención personalizada poderá desenvolverse de forma presencial, de ser requirida e/ou pertinente, na localización indicada e os horarios de atención ao alumnado que se recollen na plataforma da UDC para a indicación de "As miñas titorías", ou de forma virtual, sendo atendidas as titorías por correo electrónico ou a través doutros medios telemáticos que permita a plataforma virtual, como as mensaxes do campus virtual, ou outras vías como a telefónica ou a videoconferencia, de ser pertinentes.</p>
Presentación oral	
Obradoiro	
Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A102 B24 B25 B28 B30 B36 C9 C16	A avaliación da presentación oral do traballo tutelado realizarase tendo en conta os seguintes puntos: presentación do caso (modo de expresión, uso das tecnoloxías da información e capacidade de comunicarse), información sobre a farmacoterapia do caso e respostas ás preguntas expostas.	10



Proba de resposta múltiple	A102 B24 B28	O alumno deberá realizar unha proba de 50 preguntas tipo test con resposta múltiple, unha correcta de entre 5 posibles. Non puntuá negativo. O aprobado (5) estará no 70% das respostas correctas, é dicir, o número de respostas correctas para aprobar é de 35. É necesario obter un aprobado no exame para poder aprobar a materia.As respostas serán avaliadas unicamente na plantilla de respostas do examen.	70
Obradoiro	A102 B24 B25 B28 B30 B36 C9 C16	Avaliarase en función da asistencia e a participación do alumno nas actividades a realizar nos seminarios. Entre outros aspectos avaliarase o traballo de forma colaborativo, a capacidade de xestionar a información e a capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.	10
Traballos tutelados	A102 B24 B25 B28 B30 B36 C9 C16	Na cualificación do traballo considerarase a elección do caso exposto, a anamnese farmacolóxica, o tratamento farmacolóxico seleccionado, o coñecemento dos grupos farmacolóxicos empregados (mecanismo de acción, interaccións e reaccións adversas), o rigor científico, a capacidade de síntese e de crítica e a adecuación da bibliografía consultada.	10

### Observacións avaliación

O sistema de cualificacións exprésarase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso, 5-6.9=Aprobado, 7-8.9=Notable, 9-10=Sobresaliente, 9-10 Matrícula de Honra (Graciable). Outorgarase Matrícula de Honra Graciable, ao alumno coa maior puntuación global sempre que sexa maior de 9.5. No caso de que o número de matrículas que se poidan outorgar sexa menor que o número de alumnos coa maior puntuación global, outorgarase matrícula de honra a aqueles alumnos coa maior nota no exame. Se continua sendo menor o número de matrículas de honra que se poden outorgar terase en conta a nota da presentación oral do traballo tutelado, o traballo tutelado escrito e por último a nota dos talleres. Alumnos con matrícula a tempo parcial (deben mandar e-mail ao profesor indicando a súa situación ao principio do curso) e dispensa académica: a avaliación dos talleres realizarase pola entrega dos exercicios expostos en cada taller no campus virtual. Nestes casos, a presentación oral dúas traballos tutelados será acordada co alumno/a sen ter que ser ou día que lle corresponde. A avaliación da proba de resposta múltiple realizarase seguindo as indicacións desta guía. Alumnos con segunda matrícula e posteriores (deben mandar e-mail ao profesor indicando a súa situación ao principio do curso): a avaliación dos talleres, traballo tutelado e presentación oral manterase da matrícula anterior. Poderase subir a nota volvendo realizar os exercicios expostos nos talleres, traballo tutelado e presentación oral nesa matrícula. A avaliación da proba de resposta múltiple realizarase seguindo as indicacións desta guía. Considerarase non presentado: aquel alumno que entregue menos do 50% dos exercicios expostos no taller, non realice o traballo tutelado nin a presentación oral e non asista ao exame final.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	1. Rang HP, Dale MM, Ritter JM, Flower RJ. Farmacología. 7ª ed. Madrid: Elsevier, 2012. 2. Flórez J. Farmacología Humana. 5ª ed. Barcelona: Masson, 2008. 3. Lorenzo-Velázquez B, Lorenzo Fernández P. Farmacología básica y clínica. 18ª ed. Madrid: Médica Panamericana, 2013. 4. Goodman & Gilman. Las Bases Farmacológicas De La Terapéutica. 13 edición. McGraw Hill.
<b>Bibliografía complementaria</b>	1. Gómez Ortiz, Santiago y Gómez Facundo, Santiago. Guía farmacológica de utilización en podología. Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos. Barcelona: Nexus Médica Editores S.L. 2015. 2. Luis F. Villa Alcázar. Medimecum: Guía de terapia Farmacológica 2020. EdSpringer Healthcare Ibérica 25ª ed. 3. Marta E. Losalglesias, Ricardo Becerro de Bengoa Vallejo, Cándida María Losa Iglesias. Principios de farmacología clínica y terapéutica en podología ante la infección. Madrid: C.E.R.S.A., 2005. 4. J. Ignacio de Ahumada Vázquez, M.ª Luisa Santana Falcón, José S. Serrano Molina. Ignacio de. Farmacología práctica para las diplomaturas en ciencias de la salud: (enfermería, fisioterapia, podología) : con autoevaluación. Madrid : Díaz de Santos, 2002. 5. Espinás Boquet J, Vilaseca Canals J. (coordinadores). Guía Terapéutica en Atención Primaria (Basada en la selección razonada de medicamentos). 7ª ed. Barcelona: Sociedad Española de Medicina de Familia y Comunitaria; 2018.

### Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Farmacoloxía/750G02009
Farmacoloxía/750G02109
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Prácticum I/750G02134
Materias que continúan o temario
Prácticum II/750G02135
Prácticum III/750G02136
Observacións
<p>É moi recomendable que o alumno superase a materia de Farmacoloxía de segundo curso. Na entrega de traballos recoméndase aos alumnos que o presenten en pdf no campus virtual. Os alumnos deben estar claros que a aplicación da normativa da UDC sobre as situacións de plaxio será revisada polo profesorado. ADAPTACIÓN DA PRESENCIALIDADE Á SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA: Todas as actividades presenciais levaranse a cabo con asentos preasignados, con máscara, ventilación, non permitindo o consumo de alimentos e bebidas e asegurando que as medidas de prevención e hixiene do centro establecido e publicado en: <a href="https://udc.es/es/fep/coronavirus/">https://udc.es/es/fep/coronavirus/</a>.</p> <p>No caso de que o grupo de ensinanza maxistral supere as indicacións da capacidade da aula, estableceranse grupos de ensino híbridos rotativos, onde os alumnos que non encaixen na aula seguirán a ensinanza de xeito telemático esa semana e presencialmente a seguinte. Sendo outro grupo a que o realiza de forma telemática, segundo a planificación establecida polo profesor da materia.</p>

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías